

# LOUBIA HAMRA

[Marimane Mari, 2013]

# 55

ESTREA EN NUMAX: 23.10.2015 | v.o.

## FICHA TÉCNICA

Loubia hamra (2013, 84')

**Dirección:** Narimane Mari

**Guión:** Narimane Mari

**Participación:** Adlane Aïssani, Amir Nourine, Bilal Azil, Chems-Edine Boudjema, Feyçal Ould Larbi, Ghania Aïssani, Housseim Eddine Chatouani, Haïtem Hala, Kawtar Bakir, Madjid Bouabdellah, Mounir Laïb, Mohamed Brahimi, Nassim Brahimi, Nedjmeddine Benarafa, Rehab Bakir, R

**Montaxe:** Caroline Detournay, Anita Roth, Narimane Mari

**Música:** Zombie Zombie - Cosmic Neman, Etienne Jaumet, I-CUBE

**Fotografía:** Nasser Madjkane

**Produtora:** Allers Retours Films (Alxeria) Centrale Électrique & Andolfi (Francia)

**Distribuidora:** Zumzeig Distribución

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.78:1

«Jean Vigo e Jean Rouch son as influencias cinematográficas de Narimane Mari: a rebelión, o filme en trance e a etnografía imaxinativa»

Andrés Azzolina. INVISIBLE GAZETTE

## SINOPSE

Nunha praia corren uns pequenos, báñanse e dormen até que de súpeto se xuntan e deciden que teñen que iniciar unha guerra. Están na Alxeria actual, mais as preocupacións e motivos da súa loita son as medio século atrás, cando o Frente de Liberación Nacional combateu o colonialismo francés. Loubia Hamra (Feixóns encarnados), ópera prima de Narimane Mari, é unha reinterpretación da Guerra de Independencia de Alxeria, narrada e interpretada por enteiro desde o punto de vista duns cativos de seis a catorce anos. Lonxe da especulación, o traballo de Mari procura unha dimensión onírica e metafórica.



# LOUBIA HAMRA

[Marimane Mari, 2013]

## Antoine Thirion entrevista Marimane Mari

**Como coñeciches aos nenos de Loubia Hamra?** Na rúa, no mar, non os escollín, eu pregunteilles aos nenos do barrio onde gravei —entre Bab el Oued e Bologhine (dúas vilas próximas a Argel)— quen quere participar? Ademais, non había diferenzas sociais entre eles, todos viñan do mesmo lugar. E dixen: quen queira vir, pode vir. Non foi unha cuestión de facer selección. Foi así. Ao principio eran corenta, entón era un pouco angoxante en termos de dirección, pero tamén moi motivador. O guión estaba escrito para oito nenos e os máis motivados quedáronse.

**Que supuxo o ensaio?** O propio ensaio incorporouse no facer da película, na súa historia, en si mesma, converteuse en algo compartido sen nós saber que sería así. O filme é como un lazo que se estende para todos aqueles que queren estar nel e cada quen se amarra a el como o que é, o que sabe ou o que lle gusta. O ensaio axudounos a enlazar a dirección que queríamos que tomase o filme, mediante un grupo sólido pero con moitas individualidades contidas nel. Eu penso que iso foi o que fixo o filme sólido. En termos concretos o primeiro en que nos puxemos a traballar foi na memoria dos nenos, logo o significado e a interpretación teórica dos feitos, que é moito máis difícil de conseguir que a aproximación física á que o suxeito chega sen ningún esforzo. Cada rapaz interpretaba a mesma personaxe dun en un, e logo o reparto das personaxes era unha decisión de grupo. Eles aceptábanse reciprocamente, colectiva e democraticamente. Eu traballei con eles escena tras escena, sen darlles a visión do filme completo. Durante os ensaios e a rodaxe eu lembráballes a finalidade da escena e como podían reaccionar. Non eran instrucións ríxidas, máis ben incitacións para desenvolver as personaxes respectando as reaccións naturais de cada un deles. Incluso durante a rodaxe non quería empregar *feedbacks* de vídeo das escenas rexistradas previamente. Estar continuamente con rapaces de dezaioito anos dárame completa liberdade. A través deste

traballo, os nenos se converteron en excelentes actores, imposibles de manipular e difíciles de impresionar.

**Entón non lles deches leccións de historia?** Non, en realidade pregunteilles que sabían eles. E dende a Colonización e a guerra da Independencia eles non tiñan integrado outro sufrimento el Arxelia. Con este filme quería aumentar a consciencia dos feitos neles e en min, pero sen poñerme a min mesma nun debate, aínda que o filme é claramente político. Eu deixo que a Historia se viva a través da dimensión dos feitos, das lembranzas aportadas polos veciños ou familiares, relatos sinxelos —reais ou non— non me importaba.

**Cando escribiches o guión, cal era a túa idea?** Cando o escribín, Arxelia ía cumprir o seu cincuenta aniversario da guerra da Independencia. Con tal motivo, todas as historias que xurdían eran caóticas, dolorosas e oficiais. Repetíame a min mesma que a única cousa que parecía correcta dicir baixo esas circunstancias, era que Arxelia era un país libre. O mellor tributo que podemos pagar á independencia é mostrar un país independente, nenos libres porque Arxelia dálles os medios para ser libres, nun filme libre de calquera estilo narrativo. Aproveiteime disto. Eu quería que os arxelinos viran como os seus fillos recordaban a independencia que eles conseguiran como unha lembranza forte e pacificadora. A escena final é un momento de fraternización, que vivimos minuto a minuto, desfrutando do presente sen preocuparse polo pasado nin polo futuro, como a euforia que permanece o día despois dunha grande celebración.

[...]

Fragmento da entrevista realizada por Antoine Thirion publicada no pressbook do filme. Traducción ao galego por Quiquek Stub.

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)